



Obradoiro I. “Perspectiva Climática: Riscos, Oportunidades e Dobre Materialidade”



10 setembro 2025



09.30h – 14:00h



Hotel Palacio del Carmen

Clusaga, en colaboración coa **Consellería de Medioambiente e Cambio Climático** no marco da **Alianza Galega polo Clima**, e con **Vegalsa-Eroski** como empresa tractora, organiza a primeira sesión do **Obradoiro para a sustentabilidade e descarbonización da industria alimentaria galega**.

Este Obradoiro pretende que as empresas alimentarias comprendan os fundamentos para avaliar os riscos, oportunidades e impactos climáticos aos que se enfrontan, así como realizar unha análise de dobre materialidade que permita integrar estes aspectos na súa estratexia empresarial. Ademais, presentaranse ferramentas e metodoloxías que lles faciliten identificar e priorizar accións, sentando as bases para a redución de emisións e a adaptación ao cambio climático.

Búscase un enfoque participativo e interactivo e traballarase a través do método de caso. Traballarase en grupo para poñer en práctica os conceptos abordados durante o obradoiro.

Para participar neste ciclo de obradoiros enmarcado no programa **Proalis Carbon**, de carácter gratuíto, é necesario inscribirse a través do seguinte formulario para realizar un autodiagnóstico previo.

Más información

✉ circular@clusaga.org

📞 682 616 021

FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN

PROGRAMA

09:30 **Apertura Institucional**

09:45 **Introdución ao Programa Colectivo de Acción Climática e Descarbonización**
Perla Ferrer | Clúster Alimentario de Galicia

10:00 **Obradoiro I. “Perspectiva Climática: Riscos, Oportunidades e Dobre Materialidade”**

- Fase teórica: Descrición de conceptos xerais para entender a dobre materialidade de impacto e financeira e as nocións básicas para abordar o proceso de avaliación de riscos climáticos.

- Fase práctica e interactiva: abordarase a través do método do caso centrado en escenas dunha hipotética organización do sector alimentario, de maneira que se traballe a cadea de valor e os grupos de interese, a identificación de impactos, riscos e oportunidades cunha aproximación top-down mediante marcos de sustentabilidade corporativa; e unha aproximación bottom-up mediante a consulta de fontes internas e diálogo con grupos de interese. Abordarase a sistematización do proceso analítico na avaliación de IROs e a visualización de resultados con *matrices*.



**XUNTA
DE GALICIA**



**ALIANZA
GALEGA
POLO CLIMA**



COLABORA:

